



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, voceira e deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto na Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 14,15 entre outros) e Regulamento Orgánico da Corporación (artigo 10 entre outros) e demais normativa aplicable,

Dende hai un tempo temos solicitado información sobre o **custe total de cada Viaxe** realizado neste mandato. Vímonos na obriga de formular Pregunta en Pleno de cada unha das viaxes. Na Resposta oral do Presidente non deu resposta nin facilitou a información solicitada sobre os custos totais. O Presidente remitiu ó Servizo de intervención .

Con data 31 de Xaneiro pasado solicitamos **CERTIFICACIÓN de Intervención "de tódolos custes de cada unha das viaxes institucionais no presente mandato (dende a constitución da corporación ata a data de peche da información que se confeccione), con detalle de tódolos conceptos en cada viaxe. Estes conceptos deberán incluír cantidades cobradas por cada perceptor en dietas, facturas presentadas, pagos a axencias de viaxe e outras empresas relacionados con cada viaxe, pagos correspondentes aos gastos de acompañantes (funcionarios ou outro persoal) e calquera tipo de gasto que conste (como indicar se houbo uso de coche oficial)".**

A día de hoxe tal documento NON foi facilitado a este Grupo da Corporación.

Compre sinalar que, o abeiro do artigo 14.2 do ROF, entenderase concedida esta información por silencio administrativo no prazo de cinco días.

Por elo **SOLICITO**

1.-Se nos entregue a CERTIFICACIÓN DE INTERVENCIÓN solicitada por Rexistro con data 31 de xaneiro de 2019.

2.-CERTIFICADO DE TESORERIA de todos os pagos realizados relativos a viaxes institucionais realizados no presente mandato, dende a constitución da Corporación ata a data de peche da información que se confeccione, incluíndo os do Presidente ou Deputados, Cantidades cobradas por Dietas co motivo de viaxes, facturas presentadas e pagos realizados a axencias de viaxes e outros operadores relacionados con viaxes de membros da Corporación, cantidades correspondentes a gastos de acompañantes (funcionarios ou outro persoal), gasto ocasionado por uso coche oficial e persoal que participa nos citados viaxes.

En Ourense, 1 de marzo de 2019.

Asinado: Elvira Lama Fernández

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdgppsoddepourense.es

socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGDepOU

Twitter: @PSdeGDepOU